noticias

**A revista Galegos súmase á conmemoración do centenario do nacemento de Luís Seoane.**

A presentación do número 7 da revista *Galegos* congregou o pasado novembro na Fundación Luís Seoane da Coruña ao máis selecto do mundo da arte e da cultura galegas. O intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo; o actual presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; e o director xeral da Biblioteca de Galicia, Daniel Buján, acompañaron ao editor e director da revista, Alejandro Diéguez, na presentación ao público deste número centrado na figura do pintor que dá nome á fundación coruñesa.

Case un centenar de persoas acudiron ao centro para adiantarse á celebración do “Ano Seoane” da man da revista *Galegos*. Entre eles, o reitor da Universidade da Coruña, José María Barja; o crítico de arte e comisario de exposicións Alberto Ruiz de Samaniego, o economista e escritor Marcelino Fernández Mallo e o profesor de Literatura José Antonio Ponte Far, entre outros moitos. Pechou o acto a poetisa Luz Pozo Garza, tamén entrevistada no mesmo número de *Galegos*, que recitou dous poemas dedicados á figura de Seoane.

Luís Seoane (Buenos Aires 1910 - A Coruña 1979) é un dos maiores expoñentes da arte e a cultura galegas no exilio. Formado durante a ditadura de Primo de Rivera, en 1936 viuse obrigado a marchar á Arxentina que o vira nacer. A súa figura supuxo un verdadeiro revulsivo da vida cultural no exilio. Testemuña de excepción dos convulsos acontecementos que marcaron o transcurso do século XX, a vasta obra que deixou e as súas ideas abertas e progresistas convertérono nun personaxe senlleiro da cultura galega e española contemporánea.

O artista pasa así a incorporarse ao elenco de persoeiros galegos que teñen formado parte das páxinas centrais da revista *Galegos* desde o seu nacemento, en maio de 2008. Os tamén pintores Urbano Lugrís, Antón Lamazares e Laxeiro, o arquitecto César Portela, o debuxante Miguelanxo Prado e o escultor Francisco Leiro son algúns dos nomes propios aos que esta publicación galega de vocación universal tenlles rendido a súa particular homenaxe.

Ese sétimo número cumpre, unha vez máis, co obxectivo co que naceu a publicación, o de facer máis visible a realidade de Galicia e servir de canle para dar a coñecer e promocionar a nosa terra e o que nela ocorre.

AMADOR LORENZO BLACH





**La revista Galegos se suma a la conmemoración del centenario del nacimiento de Luis Seoane.**

La presentación del número 7 de la revista *Galegos* congregó el pasado noviembre en la Fundación Luis Seoane de A Coruña a lo más granado del mundo del arte y de la cultura gallegas. El intelectual galleguista Isaac Díaz Pardo; el actual presidente del Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; y el director general de la Biblioteca de Galicia, Daniel Buján, acompañaron al editor y director de la revista, Alejandro Diéguez, en la presentación al público de este número centrado en la figura del pintor que da nombre a la fundación coruñesa.

Casi un centenar de personas acudieron al centro para adelantarse a la celebración del “Año Seoane” de la mano de la revista *Galegos*. Entre ellos, el rector de la Universidade da Coruña, José María Barja; el crítico de arte y comisario de exposiciones Alberto Ruiz de Samaniego, el economista y escritor Marcelino Fernández Mallo y el profesor de Literatura José Antonio Ponte Far, entre otros muchos. Cerró el acto la poetisa Luz Pozo Garza, también entrevistada en el mismo número de *Galegos*, que recitó dos poemas dedicados a la figura de Seoane.

Luis Seoane (Buenos Aires 1910 - A Coruña 1979) es uno de los mayores exponentes del arte y la cultura gallegas en el exilio. Formado durante la dictadura de Primo de Rivera, en 1936 se vio obligado a marcharse a la Argentina que lo había visto nacer. Su figura supuso un verdadero revulsivo de la vida cultural en el exilio. La vasta obra que dejó y sus ideas abiertas y progresistas lo convirtieron en un personaje singular de la cultura gallega y española contemporánea.

El artista pasa así a incorporarse al elenco de personajes gallegos que han formado parte de las páginas centrales de la revista *Galegos* desde su nacimiento, en mayo de 2008. Los también pintores Urbano Lugrís, Antón Lamazares y Laxeiro, el arquitecto César Portela, el dibujante Miguelanxo Prado y el escultor Francisco Leiro son algunos de los nombres propios a los que esta publicación gallega de vocación universal le ha rendido su particular homenaje.

Ese séptimo número ha cumplido, una vez más, con el objetivo con el que nació la publicación, el de hacer más visible la realidad de Galicia y servir de canal para dar a conocer y promocionar nuestra tierra y lo que en ella ocurre.